

NO ARRANQUE DO NOVO “CURSO” UGT APOSTA POR MELLORAR O EMPREGO, REDUCIR O TEMPO DE TRABALLO, SUBIR O SMI E LOITAR CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Redacción.- O secretario xeral de UGT realizou o encontro informativo tradicional de inicio de curso esta semana. Neste, reclamou aos grupos políticos “baixar do divino ao humano” para resolver os problemas das persoas. Pepe Álvarez sinalou que “estamos nun contexto de incerteza política, cun goberno en funcións e un candidato para unha investidura que ten poucas perspectivas de que poida prosperar. Queremos unha lexislatura que empece canto antes a partir dos logros e conquistas de dereitos sociais e laborais que conseguimos durante os últimos anos. Alongar situacións de interinidade, tendo en conta que hai cuestións pendentes como os fondos europeos, non ten moito sentido”.

Desta forma, sinalou que “hoxe no Parlamento hai unha maioría que deu soporte aos cambios que impulsamos a través do diálogo social na anterior lexislatura. Votouse a favor da reforma laboral, da reforma das pensións e de moitos acordos transcendentais sobre a COVID. Parece razoable que calquera que queira presentarse nun proceso de investidura ten que ser plenamente consciente de que ten que contar con esa maioría. O PP non pode expor outro acordo de pensións, por exemplo, porque a actual reforma xa está aprobada coas organizacións sociais e coas políticas. No seu documento de propostas de investidura faltan cuestións tan importantes como o desenvolvemento da política industrial. É imprescindible que esta lexislatura empece a súa andaina consolidando os acordos que impulsamos nos últimos anos”.

En relación ás políticas de emprego, o secretario xeral de UGT considerou que a reforma laboral “é un éxito incontestable. Conseguimos nun tempo récord recortar a contratación temporal, diminuír o número de contratos precarios, a cifra de indefinidos empeza a achegarnos ao contexto europeo e a estabilidade no emprego é o motor económico máis importante do noso país. É unha base que nos ten que achegar a debater sobre as cuestións que temos que seguir mellorando”.

Cuestións como “o elevado paro de longa duración; o custo do despedimento, que en España é moi barato e débese aumentar no caso dos despedimentos improcedentes,

sendo disuasorio e reparador; ou mellorar os recursos materiais e humanos dos servizos públicos de emprego, que non funcionan ou son deficientes, porque non conseguen inserir ás persoas no mercado de traballo”.

Ademais, incidiu na necesidade de “debater sobre o tempo de traballo no curto e medio prazo. Teríamos que alcanzar nesta lexislatura unha xomada máxima de 35 horas laborais semanais de maneira legal no Estatuto dos Traballadores, no camiño de chegar nun futuro próximo ás 32 horas. En España, hai case 40 anos que non se toca a xornada máxima laboral no ET. En 40 anos, os niveis de produtividade aumentaron de maneira visible ou espectacular nos sectores económicos do noso país. Para producir un coche necesitanse 30 traballadores menos que hai 40 anos. Isto tense que reflectir na xomada máxima legal”.

Os salarios é outro dos elementos esenciais a enfocar na nova lexislatura. “Os salarios hai que tocalos á alza. Este verán, no turismo, vimos a dobre vara de medir que existe. Os empresarios do sector estiveron racaneando sen subir os salarios mentres as tarifas na hostalería subiron en torno ao 25%. Hai que repartir os beneficios entre os traballadores e traballadoras tamén. Este sector ten que acomodar os ritmos de traballo e as xornadas ao convenio colectivo. E con boas condicións de vida”.

E o SMI tamén. “Ten que chegar ao 60% do salario medio real no noso país. Os 1.080 euros non é o 60% do salario medio. O grupo de expertos non foi capaz de cuantificalo exactamente, non nos deixaron establecer unha metodoloxía concreta para situalo e, por tanto, hai un mecanismo de absoluta confianza que é a Axencia Tributaria que o sitúa máis alto dos 1.080 euros, ao redor dos 1.200 euros”.

Un SMI que, segundo Pepe Álvarez, “deberíase revalorizar de maneira automática



cada ano por lei, conforme ao 60% do salario medio cada ano, conseguindo así dignificar os salarios no noso país. E ser un valor único a nivel nacional, non establecelo de maneira singular en cada Comunidade Autónoma, xa que así nos axudará a crecer de maneira conxunta”.

Unha cuestión fundamental durante os últimos anos é a loita contra o cambio climático. “É unha realidade que vivimos no noso país e que se vai agravar co paso dos anos. Os seus efectos estiveron presentes durante todo o verán e vímolos de maneira dramática nos últimos días, xa que custou a vida de varias persoas. En primeiro lugar, gustaríame agradecer aos traballadores e traballadoras dos servizos de emerxencia e da AEMET polo seu traballo diario, e aconsellar aos políticos que non se metan onde non teñen que meterse”.

Ademais, considerou que “a regulación de traballar con ondas de calor ou frío fíxose sen a consulta previa ás organizacións sindicais. Non houbo negociación. É unha barbaridade que parte dos que temos que vivir por que se cumpira a lei, non sexamos consultados. En consecuencia, a normativa está moi descafeinada en relación á realidade. Queremos que a lei sexa nítida e clara respecto a como se atenden estes episodios climatolóxicos no traballo. Necesitamos ampliar esta norma desde o punto de vista da protección civil ou doutros traballos pechados, como as cociñas dos restaurantes ou os hoteis”.

A ESTABILIDADE, CAMIÑO DE SER A NORMA NO MERCADO LABORAL

Hai que seguir combatendo a pobreza laboral, marcada polos contratos parciais de carácter involuntario, e continuar co incremento salarial pactado no V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva

Redacción.- Os datos de paro correspondentes ao mes de agosto, publicados este luns polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran un aumento de 280 persoas desempregadas respecto ao mes anterior. Pola súa banda, a afiliación rexistra un retroceso de 217 persoas, unha tendencia habitual para os meses de agosto.

En conxunto, o paro rexistrado situouse en 127.725 persoas, 14.187 menos que o mesmo mes do ano anterior; polo que, a pesar do seu aumento mensual, aínda supón o dato máis baixo para un mes de agosto desde 1996. Con respecto á afiliación, o número total de persoas afiliadas este mes alcanza as 1.077.911, 22.580 máis que o mesmo mes do pasado ano. Á súa vez, se se observa o dato desestacionalizado, máis adecuado para analizar a evolución estrutural, tense unha caída do paro de 23.373 persoas e un aumento da afiliación de 17.745 persoas en agosto, dando conta de que, unha vez eliminado o compoñente estacional, o mercado laboral continúa creando emprego a pesar das adversidades do contexto económico e político nacional e internacional (estes dous últimos datos son a nivel estatal).

Para UGT-Galicia, tras vinte meses desde que entrase en vigor a última reforma laboral, xa é posible observar unha certa tendencia clara á estabilización do mercado de traballo: os picos de contratación que se producían nos meses de verán están a moderarse con motivo do impulso dado á contratación indefinida, co fixo discontinuo como contrato dominante para estas actividades estacionais ou intermitentes que máis sufrían a excesiva temporalidade e rotación laboral. Así, as empresas adiantan as contratacións e estabilizan os seus cadros de persoal antes do comezo da tempada, reducindo os vaivéns estacionais e achegando un extra de seguridade ás persoas traballadoras.

Por iso, aínda que o número total de contratos rexistrados é inferior aos asinados nos anos anteriores á reforma laboral, trátase dunha boa noticia, debido a que reflicte que se produciu unha substancial mellora da calidade do emprego xerado, gañando peso a contratación indefinida e reducíndose a temporalidade ata mínimos históricos. En cifras, pódese observar que, do total de 64.507 contratos rexistrados, 24,94% son indefinidos, mentres que anteriormente apenas alcanzaba o 10% dos contratos.

Uns datos que, sen dúbida, son moi bos, pois confirman que a estabilidade laboral comeza a ser a norma do mercado de traballo. A pesar diso, UGT lamenta que, debido sobre todo ao difícil contexto económico, estas mellores condicións laborais non se acaben de

trasladar a unha maior calidade de vida do conxunto da clase traballadora, pois aínda hai miles de persoas que sofren os estragos da precariedade e a pobreza laboral: ao redor do 16,5% das persoas ocupadas están en risco de pobreza, sendo a elevada parcialidade unha das súas principais causas. O INE rexistra que o 14,2% das persoas ocupadas estano a tempo parcial. Ademais, dentro deste grupo de persoas a metade (un 50,1%) estano de maneira involuntaria, é dicir, por non poder atopar un traballo a tempo completo, segundo a última EPA.

Esta situación é moi preocupante, pois se materializa en persoas traballadoras que non poden satisfacer as súas necesidades vitais máis básicas. A crise inflacionista aínda continúa presente en produtos tan básicos como os alimentos, e o prezo dos alugueiros está a xerar unha verdadeira emerxencia habitacional nas grandes cidades e as zonas turísticas, onde é imposible alugar unha vivenda a prezos alcanzables. Como xa denunciou UGT, esta realidade é inaceptable, pois está a obrigar a persoas traballadoras a residir en campamentos durante a tempada por non poder acceder a unha vivenda digna. Algo que debe acabar canto antes, aumentando os salarios conforme aos incrementos acordados no V AENC, ademais de levando a cabo medidas extraordinarias, especialmente en materia de vivenda.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos este luns, en Galicia o desemprego subiu en 280 persoas con respecto ao mes anterior (0,22%) e no Estado esta cifra aumentou un 0,93%. No ano, pola contra, rexistrouse unha contratación do desemprego, baixando en 14.187 persoas, un 10% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 127.725 persoas, a cifra máis baixa da serie histórica, dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego medrou nun 3,69%, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, e baixou no ano nun 14,02%.

Por sexos, a evolución é diferente. No caso dos homes o desemprego cae no mes un 0,42% e, pola contra, increméntase no caso das mulleres nun 0,68%. No ano baixou en ambos casos, o 11,35% entre os homes e o 9,06% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase que en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,67% do total



do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 76.208 mulleres, fronte a 51.517 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos, excepto nos servizos. Así, baixou un 2,17% no primario; un 0,66% na industria; o 0,64% na construción; e un 0,05% no colectivo sen emprego anterior. Pola contra, subiu no mes nun 0,57% nos servizos. No ano baixa en todos, un 15,61% no primario; o 13,93% na industria; o 11,85% na construción; o 10% no sector servizos; e no colectivo de sen emprego anterior a baixada fou dun 0,92%.

Territorialmente, sube o desemprego no mes en todas as provincias, excepto en Pontevedra. Nun 0,60% en Lugo; o 0,55% na Coruña; e o 0,15% en Ourense. Na provincia de Pontevedra o desemprego no mes baixa nun 0,20%. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 11,22%; 10,54% en Pontevedra; 8,91% na Coruña; e o 10,89% en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 24,94%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 38,5%. Realizáronse en agosto un total de 64.507 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 70,17%, e do 49,46%, no primario. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 23,09%, e na industria, do 18,66%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 68,06%, con 78.957 persoas beneficiarias. Deste total, 37.103 perciben subsidios e 4.474 a Renda Activa de Inserción, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.077.911 de media mensual, descendendo un 0,02% no mes e aumentando un 2,44% no ano.

A SECRETARIA DE IGUALDADE DE UGT-GALICIA IMPARTIU EN VIGO O CURSO SOBRE "MEDIDAS E PLANS DE IGUALDADE NAS EMPRESAS"

Redacción.- Os pasados días 5 e 6 desenvolveuse en Vigo o curso "Medidas e plans de igualdade nas empresas", impartido pola secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos.



O PERSOAL DE LIMPEZA DE CORREOS EN FOLGA INDEFINIDA PARA DENUNCIAR O IMPAGO DOS SALARIOS

Redacción.- O comité de folga do servizo de limpeza de Correos, do que FeSMC-UGT forma parte, compareceu esta semana en rolda de prensa para exixir a rescisión do contrato coa empresa concesionaria JCórdoba. Os representantes do persoal, en folga indefinida desde este luns, día 4 de setembro, denuncian incumprimentos, a todos os niveis, das relacións laborais, comezando polo impago dos salarios.

O persoal desta concesionaria xa se vén mobilizando dende hai meses para denunciar os continuos atrasos, que agora xa son impagos, e apunta como responsable tamén a Correos por presentar o concurso á baixa e aceptar aínda máis á baixa a proposta desta empresa.

O pasado 1 de xuño a empresa comunicou a súa intención de non abonar os salarios alegando que o contrato non cubre os custos e agora mesmo adebeda as nóminas de xullo e agosto.

A situación afecta a aproximadamente 360 traballadoras e traballadores dos servizos de limpeza das dependencias de Correos das catro provincias e repítese en todos os lotes do servizo de limpeza de Correos que a empresa ten adjudicados no Estado.

Responsabilidade de Correos

Na rolda de prensa os representantes da UGT, CCOO, CIG e do comité responsabilizaron a Correos, primeiro, por sacar a concurso unha concesión infradotada economicamente e por adjudicarlla, despois, a unha empresa que presentou unha oferta con baixa temeraria á fronte da que está, ademais, un empresario que acumula problemas de solvencia e quebras en todas as empresas a fronte das que estivo.

Xunto a isto, acusaron a Correos de nin sequera reunirse coa representación do persoal, comité e organizacións sindicais, para abordar unha situación que consideraron insostible e non escoitar tampouco as demandas de rescisión da contrata por incumprimento reiterado da lexislación laboral, mais tamén a Lei de Contratos das Administracións Públicas. Unha rescisión que posibilitaría un novo concurso, que se fixera co servizo outra empresa, que o persoal fose subrogado e que volviera a cobrar con normalidade nunhas condicións dignas.

Neste sentido, explicaron que desde o mesmo día en que se fixo coa concesión SCT (Jcórdoba), en febreiro



deste ano, faltan EPIs, uniformidade, non se cobren as baixas, acumúlronse os atrasos nos cobros dos salarios e, finalmente, a empresa mesmo deixou de pagar as últimas nóminas. Isto ademais de non contar con Plan de Igualdade, obrigatorio para as empresas que contratan coas administracións públicas.

Mobilizacións previstas

O comité de folga anunciou mobilizacións nas vindeiras semanas, que acompañarán á folga indefinida e que terán lugar nas principais oficinas de Correos. Esta semana tiveron lugar o día 6 concentracións en Santiago, Lugo, Ourense e Vigo. O día 13 está prevista unha manifestación na Coruña e tamén terán lugar mobilizacións os días 20 de setembro e 4 de outubro aínda pendentes de concretar.

A EMPRESA DE CONTACT CENTER TELEPERFORMANCE PRETENDE DESPEDIR A 310 TRABALLADORES E TRABALLADORAS

Redacción.- O pasado martes celebrouse a primeira reunión do período de consultas polo despedimento colectivo (antes ERE), que pretende facer a empresa Teleperformance e que afectaría a 310 persoas traballadoras dos centros situados en Sevilla (110), Ponferrada (158), Madrid (4) e A Coruña (38).

As campañas afectadas por esta medida son:

Vodafone: 198 traballadores afectados (143 en quenda de mañá e 55 de tarde).

Netflix: 72 traballadores afectados (43 en quenda de mañá e 29 de tarde).

Estrutura de operacións: 40 traballadores afectados.

A empresa desafectou ás persoas que teñan 50 ou máis anos e pretende executar o despedimento, como moi tarde, o próximo 3 de novembro.

Desde UGT solicitamos á compañía numerosa documentación co fin de analizar a causa deste despedimento colectivo. A nosa Organización está a estudar toda a información achegada ata o momento, ademais da que nos entregarán en próximos días.

O expediente de despedimento colectivo que presentou Teleperformance é por causas organizativas e produtivas, debido a unha minoración do servizo por parte do cliente.



Unha vez estudada a causa e a súa intensidade, UGT negociará de boa fe, en defensa, sempre, dos postos de traballo, pola menor afectación e, no seu caso, por obter as mellores condicións posibles para as persoas traballadoras.

Estableceuse un calendario de reunións coas seguintes datas: 12, 14, 19, 22, 25, 29 de setembro e 3 de outubro.

FEPMC DENUNCIA O RECORTE DE SEGURIDADE NA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO E RESPONSABILIZA Á XUNTA

Redacción.- Nestes días FePMC-UGT-Vigo denunciou o recorte nos medios de seguridade na cidade da xustiza de Vigo ao que a Xunta contestou, manifestando o seu desinterese de proporcionar os medios mínimos, ao culpar do recorte a outra administración cando a competencia é da Administración galega.

Argumentar que o recorte prodúcese

ao unificar a actividade de seis edificios nun só non é máis que un intento de desviar a atención e eludir a responsabilidade que teñen como garantes da seguridade dos usuarios e dos traballadores, así como, de custodiar todo o material e documentación.

Para UGT, a cidade da xustiza de Vigo, pola súa actividade e polas súas caracte-

rísticas de construción, ten que ser catalogado como un edificio de especial relevancia dentro do campo da seguridade, polo tanto, debe ter un servizo de vixilancia de pronta resposta as 24 horas os 365 días do ano. As queixas tamén foron manifestadas polos sindicatos policiais, polos funcionarios e polos propios responsables da Administración de xustiza de Vigo, o que debería facer recapacitar á Xunta.

OS EMPREGADOS E EMPREGADAS PÚBLICAS VERÁN REFLECTIDA NA SÚA NÓMINA DE OUTUBRO UNHA SUBIDA SALARIAL DO 0,5% E QUE TERÁ CARÁCTER RETROACTIVO DESDE XANEIRO

Redacción.- O Acordo Marco para unha Administración do Século XXI, asinado por UGT e CCOO, recolle para 2023 dúas subidas salariais: unha subida fixa do 2,5%, máis dúas subidas variables do 0,5% cada unha. A primeira operará se o IPC harmonizado de 2022 e 2023 supera o 6%, ten carácter retroactivo, consolidable e farase efectiva en outubro de 2023. A segunda cobrarase se o PIB en 2023 alcanza o 2,1%.

A falta da publicación do IPC de finais de setembro, todo parece indicar que o IPC harmonizado do ano 2022 e 2023 será superior ao 6% e que o conxunto de empregados e empregadas

públicas verán na súa nómina de outubro este incremento previsto no Acordo Marco.

Son sen dúbida boas noticias para o conxunto dos empregados e empregadas públicas do noso país, que contarán cunha subida salarial asegurada grazas á responsabilidade que UGT Servizos Públicos demostrou avalando coa súa firma este Acordo. Ao incremento pactado ata a



data falta aínda sumar o 2% fixo para 2024 máis outro 0,5% variable asociado ao IPC harmonizado dos tres anos anteriores.